

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE XULLO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretta Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2010 e sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2010 e sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de aprobación de expediente de modificación de crédito: Suplemento de crédito número 2/2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de xullo de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de xullo de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se esta é unha modificación de crédito que afecta ás partidas orzamentarias do terreo para a construción do centro de saúde.

Don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que non, que afecta á parcela da escola infantil e do centro de día.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se esa non é a mesma parcela.

O Sr. alcalde contesta que son parcelas distintas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que hoxe saiu na prensa que o Sr. alcalde se dirixiu á Xunta para pedir celeridade no centro de saúde.

O Sr. alcalde di que dende a Xunta lles enviaron unha carta onte.

O concelleiro popular contesta que eles tamén teñen unha copia desa carta que enviou a conselleira, pero que o que non di o Sr. alcalde é que ese terreo ten que estar urbanizado, e que esa urbanización ten que correr a cargo das empresas que construíron os edificios, e o que tampouco di o Sr. alcalde é que esas dúas empresas están neste momento en suspensión de pagos.

O Sr. alcalde contesta que el iso o descoñece, que se enviou á Xunta o que pediu, e na carta así se reconece. Conclúe dicindo que a documentación que se lles remitiu é a correcta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que para a cesión do terreo si, pero que a urbanización da parcela está sen facer, e que se van a atopar co que pasa habitualmente, que vai estar o centro de saúde construído e sen ter a urbanización. Insiste en que pasaron os prazos para que as empresas construtoras fixesen a obra de urbanización e está sen facer, e están en suspensión de pagos. O Sr. alcalde dilles que non sabe nada, pero algo debería de saber, e espera que nos vindeiros días lles informe sobre a cuestión.

O Sr. alcalde responde que hai unhas empresas que teñen que facer un traballo que non fixeron, pero que hai un aval e o concello pode executalo, agora ben, o proxecto aínda está sen facer. O que se fixo foi ofertar a parcela á Xunta, están dispostos a achegar o que corresponda ao concello, e puxeron a disposición da Xunta os servizos técnicos municipais. Chegado o seu momento tirarán do aval desas empresas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o Sr. alcalde sabe tan ben como el, ou mellor seguramente, que executar un aval leva o seu tempo. Se o concello ten que facer as obras de urbanización, vai levar o seu tempo, especialmente cando hai unhas empresas acollidas á Lei concursal. Polo tanto, el quere que hoxe quede claro, que conste en acta, que se van a encontrar con iso, que vai ser unha vez máis o que adoita ocorrer, que é a forma de traballar.

O Sr. alcalde di que aquí do que se trata é de aprobar a modificación de crédito e do outro tema falarán outro día.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que claro que si, pero que el o que lle propón ao Sr. alcalde é que reserve ese importe, porque vai facer falta nesa mesma parcela. Por todo isto, o PP vai votar en contra da modificación, porque ese diñeiro fai falta nesa parcela.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, con independencia dos problemas que teñan as empresas, que evidentemente o seu grupo descoñece, e que parece ser que o Sr. alcalde tamén descoñece, eles van votar a prol, porque estiman, e así o dixeron en varias ocasións, que é necesario que se habilite unha partida para adquirir uns terreos na parroquia de Cela, e agora habilítanse 22.000€ e xa había ese compromiso. Unha partida vai para iso, outra partida vai para a cubrición dunha estrutura polideportiva no Portofaro, que tamén consideran que se debe facer, e logo hai 60.000 € para acondicionamento de parques e xardíns, que boa falta fan, porque hai algún parque que está que dá pena velo. O que si quere preguntar é se se ten previsto con ese diñeiro a execución e a remodelación dalgún parque ou xardín concreto, porque, como xa dixo antes, hai algún que dá verdadeira pena velo, que máis que un xardín parece unha leira.

O Sr. alcalde di que hai como 12 ou 13 parques, e non se van poder facer todos, porque o importe non alcanza. Vaise dar preferencia aos máis necesitados.

Don José Francisco Parceró Rial, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que teñen uns proxectos feitos, teñen unha subvención solicitada á Xunta, e o que van facer é comezar a actuar con estes cartos para despois ver que dá a Xunta e seguir, pero que para todo non vai haber.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que está claro que o diñeiro non é demasiado, pero que por iso pregunta se hai algunha preferencia, se hai algún parque no que hai unha preferencia de actuación, porque no seu grupo consideran que si, que hai algún parque que da noxo velo.

O Sr. alcalde di que teñen unha relación e que llela poden facilitar sen problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agradecerían que se lles entregase esa información.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, votan en contra os sete concelleiros do PP e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 2/2010 por importe de 165.000,00 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Importe
320.6220090	Investimentos edificios educación	80.000,00
151.6000090	Terreos para infraestruturas	25.000,00
171.619	Investimentos acondicionamento parques e xardíns	60.000,00
Total suplemento de crédito 2/2010		165.000,00

Correspondente aos seguintes proxectos de investimentos:

Aplicación orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
320.6220090	80.000,00	05-2-422000	Pavillón polideportivo no CEIP Portofaro
151.6000090	25.000,00	09-2-432016	Terreo área recreativa parroquia de Cela
171.619	60.000,00	10-2-171000	Obras acondicionamento parques e xardíns

A devandita modificación financiarase con baixa nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Diminución	Proxecto afectado	
230.6220090	140.000,00	07-2-313000	Edificio centro de día e galescola
151.6000090	25.000,00	05-2-432003	Terreos para infraestruturas

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

3º Proposta de aprobación da revisión das tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 20 de xullo de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de xullo de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo, dos escolares dos CEIP do Concello de Cambre, que quedan como se detalla a continuación:

	Centros de 1,5 h (Prezo en euros)	Centros de 2 h (Prezo en euros)	Centros de 2,5 h (Prezo en euros)	Almorzo (Prezo en euros)
Mes completo	75,96 con almorzo 50,64 sen almorzo	89,13 con almorzo 63,81 sen almorzo	97,23 con almorzo 71,91 sen almorzo	25,32
Días soltos	3,54 con almorzo 2,23 sen almorzo	4,05 con almorzo 2,73 sen almorzo	4,56 con almorzo 3,24 sen almorzo	1,32

Segundo: Publicar as tarifas aprobadas para xeral coñecemento.

Terceiro: Comunicar á empresa “Xestión Cultural Áurea, S.L.” o acordo adoptado.

4º Proposta de modificación do acordo regulador número 5 do prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Vistas as propostas da concelleira delegada de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior e do concelleiro delegado de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 20 de xullo de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de xullo de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que neste punto o que se trata é de que o concello ten que aplicar unha baixa nas tarifas

que se están aplicando pola asistencia a domicilio. No seu día, cando se aprobou isto, o PP abstívose, non votou a prol porque lles parecía que era un colectivo que non debía sufrir este aumento, de feito fixeron xestións na Concellería de Asuntos Sociais, porque tiveron queixa dalgúns usuarios do servizo polos prezos. A eles parecíalles que era excesivo e isto veu a darlles a razón. O Concello de Cambre estaba aplicando unhas tarifas que se consideran excesivas e, polo tanto, o seu grupo congratúlase de que teñan que baixalas, por iso van votar a prol de que se baixen.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do texto do acordo regulador de prezo público, que a continuación se relaciona, segundo se transcribe a continuación:

- Acordo regulador n.º 5 do prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Modifícase o artigo 5º apartado 1, Tarifa 1 do presente acordo regulador, quedando como segue:

“Artigo 5º. – Contía.

1. A contía da prezo público aplicable ao servizo determinarase aplicando as tarifas seguintes:

TARIFA 1.- Prestación do servizo de axuda no fogar.

O prezo por hora de prestación do servizo de axuda no fogar é de 18 euros/hora. A contía do prezo público a aboar polos usuarios do servizo determinarase aplicando as porcentaxes seguintes, en virtude da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.

TARIFA 1	INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	% DO CUSTO DO SERVIZO	EUROS /HORA
1.	As persoas usuarias cunha capacidade económica igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).	0 %	0,00
2.1	As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda do 200% do IPREM	15 %	2,70

2.2	As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% pero que non exceda do 300% do IPREM	20 %	3,60
3.	As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda do 500% do IPREM	47,50 %	8,55
4.	As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do IPREM	65%	11,70

Sen prexuízo do establecido no cadro anterior, poderán contemplarse excepcións ás tarifas xerais, naqueles casos en que así se acorde, mediante resolución motivada do órgano competente, por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo, unha vez ditaminado favorablemente polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais”

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: A presente modificación do acordo regulador do prezo público producirá efectos a partir do 1 de agosto de 2010.

5º Proposta de aprobación de contías de prezo público correspondentes ao acordo regulador número 1 do prezo público por actividades culturais

Vistas as propostas da concelleira delegada de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior e do concelleiro delegado de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 20 de xullo de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de xullo de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes contías de prezo público correspondentes ao acordo n.º 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

ACTIVIDADES SOCIAIS	TARIFA
ACTIVIDADES ANUAIS	
Ximnasia mantemento 3ª idade	60,00 euros
Obradoiro de pintura	60,00 euros
Obradoiro corte e confección	60,00 euros
Obradoiro relaxación e expresión corporal	60,00 euros
Plástica	60,00 euros
Obradoiro de cociña	60,00 euros
Hipoterapia para persoas con discapacidade	10,00 euros/hora
Música en vivo	2,00 euros/día
Escola de adultos	0,00 euros
Manualidades	0,00 euros
Apoio socioeducativo	0,00 euros
ACTIVIDADES CUADRIMESTRAIS	
Obradoiro de cociña	45,00 euros
Bisutería	45,00 euros
Curso básico fotografía dixital	30,00 euros
ACTIVIDADES BIMENSUAIS	
Curso de coidador de persoas dependentes	0,00 euros
ACTIVIDADES MENSUAIS	
Ludoteca de verán para nenos con necesidades educativas especiais	0,00 euros
ACTIVIDADES SOCIAIS PARA A TERCEIRA IDADE	
Xuntanza de maiores	6,66 euros
Obradoiro de Informática para a terceira idade	1,00 euro/ hora
OUTRAS ACTIVIDADES SOCIAIS	
Actividades anuais (2 horas semanais)	60,00 euros
Actividades anuais (1 hora semanal)	45,00 euros
Actividades cuatrimestrais (2 horas semanais)	45,00 euros
Actividades cuatrimestrais (1 hora semanal)	30,00 euros

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal do PP sobre o Real decreto do carbón

Rexistrada de entrada ao núm. 11379 o día 23 de xullo de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado mes de febreiro, o goberno central aprobou un real decreto para primar o consumo de carbón nacional, unha medida de dubidosa legalidade por vulnerar a normativa reguladora do mercado eléctrico español e establecer axudas de Estado incompatibles coa normativa comunitaria, así foi recoñecido por solventes informes emitidos pola Comisión Nacional da Enerxía e pola Comisión Nacional da Competencia.

Con todo iso, este Real decreto, foi publicado no BOE non logrando entrar en vigor por estar condicionada a súa vixencia ao pronunciamento da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade coa normativa comunitaria.

O goberno galego manifestou a súa negativa a este na Comisión Nacional da Enerxía, chegando a pedir no pleno do Consello Consultivo de Hidrocarburos a súa derogación expresa.

O real decreto, pendente da súa revisión pola Unión Europea, podería ser aprobado definitivamente este mesmo mes, xa que o goberno do Estado pretende que este pronunciamento da Comisión Europea se produza sen que sexan escoitadas as partes afectadas e prexudicados, polo que o goberno de Galicia solicitou formalmente ao vicepresidente da Comisión Europea a incoación do procedemento formal de investigación consonte co artigo 108.2 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, para o efecto de que antes de que a Comisión tome unha decisión escoite aos afectados.

No suposto que esta normativa estatal entrara en vigor tería unha clara consecuencia, a condena de boa parte do sector enerxético galego, especialmente das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, e os ciclos combinados das Pontes e de Sabón.

Esta condena traerá como consecuencia unha seria ameaza para a pervivencia de 2000 postos de traballo para as comarcas das Pontes e Cerceda.

Ademais, o “efecto dominó” da dita medida prexudicará as actividades portuarias da Coruña e Ferrol, as cales dependen en gran medida das descargas de carbón importado.

Ao primar o carbón nacional, cuxas explotacións teñen sido consideradas xa ineficientes por non ser rendibles por todo o sector enerxético español, discriminará de forma notable a aquelas industrias que apostaron pola innovación tecnolóxica mediante investimentos que posibilitaron substituír a queima de lignito pola hulla de importación, máis barata pero, sobre todo, menos contaminante.

O goberno español, que nos últimos anos destinou 6000 millóns de euros a primar o consumo de carbón contaminante ao mesmo tempo que dicía apostar polas enerxías limpas, pretende agora subvencionar con entre 400 e 600 millóns de euros ao ano a compra de carbón autóctono, unha materia prima xa desbotada polo sector enerxético galego.

A importación de hulla, pola contra, non só xera unha maior eficiencia enerxética, senón que abarata os custos de produción e dá emprego a centos de persoas nos portos da Coruña e Ferrol, á frota de transportes por camiión e, especialmente, ao persoal de produción e mantemento das centrais térmicas das Pontes e Meirama, que sustentan boa parte das economías locais das Pontes e Cerceda.

De feito, a aplicación do real decreto suporá a inmediata parada por cesamento de actividade das centrais de Meirama e As Pontes, a pesar de ser máis competitivas que outras industrias similares que noutras comunidades autónomas utilizarán carbón subvencionado con impostos de todos os galegos.

A planta de Meirama, na que investiron 120 millóns de euros para reducir un 80% a emisión de partículas, rebaixar un 90% a emisión de xofre e un 20% o dióxido de carbono xera o 16% da electricidade de Galicia, pero a súa continuidade depende da anulación deste real decreto.

A decisión do goberno central terá tamén un incuestionable impacto negativo no porto de Ferrol, na actividade de Reganosa e nos ciclos combinados de produción enerxética, ademais de deixar en suspenso os 440 millóns de euros previstos para desenvolver o plan gasístico de Galicia mediante a construción do gasoduto Guitiriz-Madrid para duplicar a produción da planta de Mugaridos.

Proposta de acordos:

Primeiro: A corporación municipal de Cambre acorda por unanimidade transmitir ao goberno central o seu absoluto rexeitamento do contido do real decreto que prima o carbón nacional, polas nefastas consecuencias que a súa aplicación terá para a economía galega e, en especial, o emprego neste municipio.

Segundo: Que se dea traslado deste acordo ao presidente do Goberno, aos voceiros parlamentarios nas Cortes, ao presidente da Xunta e ao Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que hai aproximadamente nove días, cre que foi o día 20 deste mes, precisamente o BNG no Congreso de los Diputados presentou unha iniciativa en contra do texto do decreto do carbón, que foi rexeitada cos votos do PSOE, o responsable de sacar este decreto, pero que non puido ser aprobada, entre outras cousas, porque o Partido Popular coa súa abstención non reforzou unha posición que nalgúns casos era coincidente con algo do que se vén a dicir aquí.

Di que non queren establecer un debate porque cre que hai posibilidades de poñerse de acordo, pero fundamentalmente o que lles interesa é que se poden poñer de acordo en rexeitar unha cousa que é má para dúas comarcas, e por extensión para o conxunto da provincia e do país, tal e como se di no texto, aínda que se pode dicir tamén doutra maneira. Tamén é importante que, sobre todo un partido como é o Partido Popular, que ten responsabilidades, que ten cousas que dicir pero tamén cousas que facer, que tamén as asuma.

Segue dicindo que hai unha serie de elementos ou factores que se poden poñer en práctica dende a responsabilidade da Xunta de Galicia, e non é só botar balóns, disparar contra o goberno central como único responsable, porque dalgunha maneira pódese colaborar a que a situación que vai provocar este decreto, polo menos, non sexa tan negativa. Neste sentido queren presentar unha emenda, que se é aceptada por parte do grupo popular, suporía que o seu grupo votaría a prol da moción. Di que é unha modificación na parte dispositiva, non na parte de explicación, e que a proposta que o BNG fai é:

Primeiro: Instar ao goberno galego a que solicite do goberno do Estado a modificación dos contidos básicos do decreto do carbón, para os efectos de adaptalo ao desenvolvemento dunha estratexia enerxética e económica e medioambientalmente sostible, e as especificacións das distintas comarcas mineiras, tendo en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas, As Pontes e Meirama.

Segundo: Instar ao goberno galego a

- a) Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minería do carbón de

todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner, vinculada a ditos compromisos.

- b) No caso de incumprimentos promover diante do Ministerio de Industria o correspondente expediente de devolución das axudas recibidas.
- c) Responsabilizarse directamente e con medios propios, da xestión íntegra do proceso de recolocación dos traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minería do carbón, dando conta ao Parlamento Galego.
- d) Incrementar as liñas de axudas para as empresas que se instalen nas comarcas.
- e) Que se axilice o funcionamento do IGAPE de maneira que se acurte ao máximo o proceso administrativo, e que no caso das empresas que lles corresponda algunha axuda, que esta se faga efectiva antes de 30 días dende o momento da concesión.

Terceiro: Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e ao presidente da Xunta de Galicia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo continúa dicindo que pensan que a súa proposta é coincidente no fondo, polo menos na intención, e que ademais vincula tamén cunha actitude en positivo ao propio goberno galego, que se non é responsable do decreto do carbón, si é responsable da súa aplicación e das medidas de apoio que se poidan facer, tanto a estas comarcas, como ás empresas e aos traballadores e traballadoras que van estar afectados.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo comparte a preocupación que ten o Partido Popular ante este decreto do carbón que, unha vez máis, prexudica os intereses de Galicia, como xa ten ocorrido noutras ocasións. Todos son conscientes de que distintos gobernos do Estado, este que está agora e anteriores, xa teñen tomado medidas regresivas sobre o tecido produtivo de Galicia, como foron os asteleiros, a cota láctea, ou como mesmamente foi a pesca.

Di que nesta ocasión o tema apunta directamente ás comarcas mineiras de Cerceda e As Pontes, afectando dunha maneira importante na súa economía, e socialmente tamén, ao primar, incluso obrigar, a consumir carbón autóctono, favorecendo as concas mineiras de Asturias, de León e, en menor medida, Teruel, Córdoba e Puertollano. Non obstante, eles pensan que as propostas da moción son demasiado restritivas, pide o rexeitamento absoluto ao real decreto sen dar outro tipo de alternativas, como propoñer o que xa teñen manifestado as corporacións municipais das Pontes e Cerceda, onde solicitan a retirada do real decreto, ou ben, a modificación do seu texto.

Continúa dicindo que están falando dun decreto que tamén pretende reactivar a minería española no seu conxunto, e o que non deben facer é ir en contra dunhas comarcas mineiras e dos seus traballadores, que en boa parte dependen dunha economía baseada fundamentalmente no que é a cultura da minería neste país.

Di que comparten a parte dispositiva da moción, pero que consideran que se debe incluír, en primeiro lugar, a manifestación da solidariedade do Concello de Cambre cos Concellos das Pontes e Meirama e, por outra parte, apoiar as iniciativas presentadas e aprobadas por unanimidade polas corporacións das Pontes e de Cerceda, instando ao goberno do Estado e á propia Unión Europea, á toma das medidas necesarias para que as centrais térmicas mencionadas sigan sendo competitivas.

Conclúe dicindo que esa é a proposta do grupo municipal de EU-IU.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el, como noutras ocasións nas que se trataron mocións que non están directamente implicadas na vida municipal de Cambre, vaise abster e non vai entrar no debate. Di que el se vai abster neste tipo de mocións, que sempre o fixo e vai seguir facéndoo.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela, antes de nada, quereda saber se o PP vai aceptar as propostas do BNG e de EU-IU.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que cando se presenta unha moción neste concello hai que facelo en forma e prazo, entre outras razóns para que os demais grupos a poidan estudar. As propostas que fai o BNG son de profundidade e, evidentemente, non poden agora decidir se as van apoiar ou non. Aínda que no fondo lles pareza ben, están falando dun asunto que consideran importante e, polo tanto, agora, nun instante, non se poden decidir.

Con respecto ás propostas que fai EU-IU, de apoiar a proposta que fixeron os Concellos de Cerceda e As Pontes, evidentemente é o mesmo, eles non saben en profundidade cal é a proposta deses concellos e, polo tanto, non poden apoiar algo que descoñecen.

Di que eles o que propoñen é que se vote a moción tal e como está, e que, dende logo, pódense presentar outras, pódense consensuar ou non, como o resto de concelleiros decida, pero evidentemente non é o momento agora de entrar a valorar en profundidade esas propostas.

O Sr. alcalde di que sería bo acadar unha unión. Se están nese contexto de mellorala, pensa que o mellor sería retirala e presentar unha moción conxunta, porque senón pode que se vote e non acade a maioría, e facer outra moción sobre esta moción non lle parece o mellor.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o que pasa é que normalmente cando o PP presenta mocións sempre teñen algo que corrixir, sempre, mentres que ao primeiro tenente de alcalde lle gusta dicir que as mocións son tal e como son e que se voten tal e

como son. Eles propoñen exactamente o mesmo, de feito os grupos teñen a moción dende hai uns días e poderían terse dirixido ao PP e poderían telo consensuado, porque ese é o obxectivo de presentar as cousas en forma e prazo. Polo tanto, o que propoñen é que se vote a moción, e con iso non están pechados, nin moito menos, a consensuar outro tipo de iniciativas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que aquí o que se trata con esta moción, e cre que está na disposición de todos os grupos, é intentar darlle minimamente unha solución a este problema. Di que se os Concellos de Cerceda e As Pontes foron capaces de consensuar unha moción aprobada por todos os grupos, incluído o Partido Popular, pensa que en Cambre deberían facer un esforzo e chegar a un acordo no mesmo sentido, iso lle parece a el que sería o máis idóneo, pero de todas as maneiras EU-IU, se se engade á moción o que propuxeron antes, están dispostos a votar a prol dela. Se non se fai, entón absteranse.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que supón que ninguén cuestiona o procedemento que utilizou o Partido Popular para presentar a moción, e agarda que tampouco se cuestione o procedemento que utilizan os demais para debatela, emendala, ou dicir se están de acordo ou non, porque é o procedemento que está establecido. Había outra forma de facelo, na xunta de voceiros do xoves pasado, onde se puido comentar e mesmo instar ao resto dos grupos a que participaran e fixeran unha moción consensuada.

El cre que, visto o caso, vistas as intencións que declararon todos, o máis correcto sería, e non pasa nada, deixala sobre a mesa, e no pleno ordinario do mes de agosto, ou nun extraordinario se é que se tivera que facer, ter un texto acordado no que se inclúan tanto os desexos que manifesta o Partido Popular na moción, que lle parecen moi ben como tales desexos, como as propostas que fai o voceiro de EU-IU, que lle parecen absolutamente razoables e que van ao sitio máis afectado polo decreto, máis as cuestións que propoñía o BNG. Di que cre que sería o máis adecuado, noutro caso eles votarán en contra porque non lles parece adecuado o texto desa moción.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que non van obrigar ao Sr. Iglesias a votar en contra dalgo que lle gusta, polo tanto, aceptan a proposta e o que piden ao Sr. alcalde é que na próxima semana, se é posible, que se consensúe esta moción, xa que se os Concellos de Cerceda e As Pontes consensuaron a proposta eles tamén o van consensuar, sen ningunha dúbida.

Así pois, a corporación municipal acorda deixar sobre a mesa a moción presentada polo Partido Popular sobre o Real decreto do carbón, co fin de tratar de consensuar un único texto.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1391, de data 8 de xullo de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jaime Manuel López Lisnier dende o día 12 ao 18 de xullo do ano 2010, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1400, de data 12 de xullo de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago dende o día 13 ao 20 de xullo do ano 2010, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 11560, o día 28 de xullo de 2010, remitido por dona María Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, no que se comunica ao Sr. alcalde que, continuando co compromiso de avanzar na modernización da rede de centros de saúde na mellora de Atención Primaria da Saúde en Galicia, están finalizando a preparación dos pregos para a licitación dos novos centros de saúde.

Informa de que teñen previsto licitar a construción dos centros de saúde comprometidos neste exercicio, e nos que se cumpriron todos os pasos legais e administrativos por parte do concello na cesión da parcela necesaria para a súa contratación, e sinala que entre eles está o centro de saúde do Temple, no Concello de Cambre.

Di que é para ela unha satisfacción comunicar que deron todos os pasos no compromiso con éxito da administración local e autonómica para a súa construción, e que o modelo de concesión permitirá á súa vez a contratación pola Consellería de Sanidade dos servizos de limpeza, mantemento, eficacia enerxética e seguridade durante os anos de concesión garantindo así mesmo os servizos e a súa calidade.

Conclúe dicindo que entenden que así están a dar resposta aos compromisos adquiridos, e que queda á espera de contar co apoio e acordo do concello para iniciar a licitación.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11420 o día 26 de xullo de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado en que se atopa a redacción do Plan municipal de emerxencias.

O Sr. alcalde contesta que esta mañá o coordinador de Protección Civil entregoulle un informe no que se di que faltan uns pequenos temas e que no mes de setembro estará elaborado. Di que hai algunhas cousas que non lle chegaron en prazo como pensaba, en concreto faltan datos do centro de saúde, pero que o informe conclúe dicindo que está practicamente terminado e que agarda que no mes de setembro o poidan ter no pleno para a súa aprobación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que convén recordar que os concellos de máis de 20.000 habitantes están obrigados a ter este plan. Cambre dende o ano 2000, se non recorda mal, xa supera esa cifra. Lembra que nesta lexislatura preguntaron en diversas ocasións por asuntos importantes como foron os escapes de gas e demais, e a resposta do Sr. alcalde é sempre a mesma, para o mes, dentro de tres meses, faltan uns pequenos detalles, Conclúe desexando sinceramente que no mes de setembro se poida aprobar, ese é o seu desexo.

2º O tramo de estrada que vai de Fraís a Espírito Santo, recentemente inaugurado, sufriu un atraso na finalización da obra debido á instalación dos postes eléctricos da luz. A día de hoxe, estes postes están instalados no medio da beirarrúa. Rogamos ao equipo de goberno nos informe de:

- O motivo polo cal se relizou a instalación dos ditos postes eléctricos en metade da beirarrúa.
- Se o concello está levando a cabo algunha medida que controle a instalación dos postes eléctricos nas distintas obras que se están realizando no municipio de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esa estrada é un vínculo de unión entre el e o Sr. Cubeiro dende fai un tempo. Dille que xa sabe, como saben todos, que a estrada é de titularidade provincial, da Deputación provincial da Coruña. A obra está promovida polo seu titular, pola Deputación, iso sabeno perfectamente o concelleiro popular.

Di que hai un contacto bastante fluído coa dirección técnica da obra e cos responsables da Deputación e, curiosamente, os que lles advertiron aos técnicos da Deputación e á dirección de obra de que os postes que se recolocaron na estrada estaban mal situados, foron os propios técnicos municipais. O que lles din é que a anterior empresa adjudicataria da obra fixo mal ese traballo, igual que fixo mal algúns outros e por iso tiveron que quitala do medio e solicitarlle a outra empresa o remate dos traballos.

Di que xa fai bastante tempo que teñen previsto cambialos de novo de sitio, por segunda vez, xa que foi nesa primeira ocasión cando quedaron mal colocados, de feito xa teñen o lugar preparado para colocalos de novo, é unha cuestión na que están traballando e antes de que rematen esa senda iso vai estar feito. Efectivamente hai un atraso, porque a Deputación deu coa mesma empresa coa que tivo problemas o concello e que lle provocou tamén atraso nalgunha actuación, pero di que está controlado e que se vai facer antes do seu remate.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que lles podería valer perfectamente a explicación, pero que o que si está claro é que os usuarios desa beirarrúa son veciños de Cambre, aos que o equipo de goberno municipal está representando e gobernando, non son os técnicos da Deputación, nin a empresa construtora, son veciños de Cambre.

Di que esta obra leva tres anos en construción e hai tres meses preguntaron pola sinalización. Cando se utiliza o tramo novo en dirección a Cambre, chégase á estrada que vai de Cambre a Guísamo e non está sinalizada. Chega un camión e resulta que non sabe onde está Guísamo, nin onde está Cambre, nin onde está a autoestrada, e entón o normal é parar, nunha estrada que dá acceso a Sada, cara a autoestrada, cara ao polígono industrial, xerándose uns caos de tráfico impresionantes, e por iso lles preguntaron por isto hai tres meses.

Engade que non sabe se teñen algo que ver os técnicos da Deputación, porque igual que están poñendo sinalización en Cambre, non sabe que lles custaría poñer outra que sinalice o camiño a Cambre, á autoestrada ou a Guísamo. Xa van tres meses que preguntaron e a situación segue sendo a mesma, e el pasa por alí todos os días, e sofre eses atascos a diario, polo tanto, pídelles ao Sr. Iglesias que, por favor, faga o que ten que facer, porque non sabe se é que lles custa tanto poñer uns sinais, pero algo hai que facer.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que el tampouco ten ganas de polemizar con algo que todos saben. A estrada é provincial, a obra é provincial e a estrada coa que entronca é autonómica. Son dúas administracións ás que xa lles teñen reclamado formalmente, por escrito e con propostas, para que solucionen ese problema.

Respecto do tema dos sinais, o concelleiro popular xa sabe, porque xa preguntou fai uns meses, que hai unha sinalización provisional mentres non rematen completamente todos os traballos que teñen que facer na obra. Esas beirarrúas aínda non se pode pasar por elas, porque aínda non están rematadas, e non é só polo problema dos postes, porque no tramo onde están mal colocados eses postes a beirarrúa ten tres metros ou máis de largo, un poste non impide o paso xa que como moito ten corenta ou cincuenta centímetros, é unha molestia e é feo, pero non impide o paso, ese non é o problema, o problema é que non están rematadas aínda porque hai outros problemas co saneamento dos que xa teñen falado neste pleno.

Continúa dicindo que o Concello de Cambre tense posto en contacto formalmente, non só en conversacións telefónicas ou persoais, coa Deputación e coa Xunta, e pensa que esta é unha boa oportunidade para que todos colaboren. Hai que facer unha rotonda no entronque desas dúas vías, non se soluciona soamente cunha sinalización. Hai un entronque en ángulo recto que está mal e é necesario facer unha rotonda alí. Di que agarda que tanto a Xunta como a Deputación respondan a unhas demandas que pensa que son unánimes, agás que o Sr. Cubeiro queira que algún membro da corporación ou persoal municipal propio se dedique alí a facer de cabo sinalizador, porque unha intervención municipal física e material nunha estrada da Deputación ou nunha da Xunta non a poden facer, nin a deben facer.

Conclúe dicindo que no fondo el pensa que todos están de acordo en que o tema corre présa e que hai que solucionalo, e seguirán instando ás administracións competentes para que o solucionen, por agora pensa que non foi mal a cousa.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a el o que lle chamou a atención foi cando viu no xornal que o Sr. Iglesias dixo que as obras avanzan a bo ritmo, obras que lle recorda que hai tres anos que comezaron. Dille que el non quere debater demasiado sobre isto, el preguntou pola sinalización e polos postes, foi o Sr. Iglesias o que falou da Xunta, da Deputación, dunha rotonda, ..., el non o fixo, e se o concelleiro do equipo de goberno quere falar da rotonda poden facelo, porque cando o actual presidente da Xunta era conselleiro de Medio Ambiente e Obras Públicas, naquel momento, o Sr. alcalde pediulle a el que, como presidente do polígono, fixese o posible para que se xestionase a construción desa rotonda. Está falando de xa fai varios anos, e a súa sorpresa foi cando fai uns meses o Sr. alcalde dixo aquí que se ía solicitar que se construíra unha rotonda. A el asómbrale que despois de varios anos estea sen solicitar, di que é un chiste. Dille ao Sr. Iglesias que non lle fale da rotonda, que desa rotonda non se acordaron dela ata que agora fixeron a estrada e chegaron alí. Di que é penoso o sistema de control das obras en Cambre.

Con respecto á sinalización provisional di que el entende por provisional o que non está colocado definitivamente, pero hai outra palabra, que é inexistente, e esa é a que hai que aplicar neste caso, a sinalización que indica as direccións é inexistente, e non sabe se o

Sr. Iglesias en tres meses tivo tempo de facer algo. Conclúe dicindo que non quere debater máis, pero que non lle fale doutros temas, que conteste á pregunta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o Sr. Cubeiro preguntou polos postes e el contestou sobre os postes, e quen sacou outros temas de sinalización foi o concelleiro popular. Na foto que o concelleiro do PP amosou, e na que parece que hai un erro ortográfico, supón que xa está corrixido ou avisado, porque había algún outro erro máis que tivo que corrixir a empresa, pero iso é o plan de sinalización turística, que non contempla a sinalización de polígonos industriais, nin de núcleos, é sinalización turística.

Di que outra cousa é que falten outros sinais, pero xa dixeron que ese proxecto non é municipal, non o promove o concello e son estradas de titularidade autonómica e provincial, e a sinalización está contemplada no proxecto e van poñela cando rematen completamente a obra, o que hai agora é unha sinalización provisional, ao entender dos técnicos, suficiente dende o punto de vista da regulación do uso da estrada. Iso é o que din.

3º Na actualidade son numerosas as empresas que prestan os seus servizos ao Concello de Cambre. Rogamos ao equipo de goberno nos informe de:

- O número concreto de empresas que a día de hoxe están prestando os seus servizos ao concello.
- Cales son os tipos de contratos que as distintas empresas manteñen con el, se son contratos de servizos, contratación temporal, concesión, verbais ou outras modalidades existentes.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que, efectivamente, na pregunta dise que son numerosas as empresas que prestan servizo en Cambre. É unha resposta que, querendo facela ben, é moi ampla, e neste momento ten que dicirlle que os técnicos non tiveron tempo a facilitarlla, tendo en conta que algúns estiveron de baixa por enfermidade. Di que se lles pode pasar por escrito ou tamén ter en conta que calquera información desta, se a solicita en Contratación, tena a súa disposición.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que eles queren saber o número de empresas, aínda que non é o máis importante saber o número exacto, pero si queren saber cales son os tipos de contrato, porque tamén queren saber as que están sen contrato, porque as hai. Están falando de empresas que fan servizos de envergadura, de moitísimo diñeiro, que se repiten, e que todos os anos ocorre o mesmo. Di que non é necesario neste momento falar de que empresas o fan, pero si que lles teñen que informar, téñenlles que dicir que número de empresas hai en Cambre traballando, que tipo de contrato ten cada unha desas empresas e, en consecuencia, cales son as que non teñen contrato, que se teme son as máis numerosas. Polo tanto, dálle igual que lle

conteste agora, que non vai poder, ou por escrito, pero pídelle que o faga, que non quede no tinteiro como de costume, cando se lles di que lles contestarán por escrito e esas respostas non chegan nunca.

Dona Erundina Prado Arcay responde que, pola súa parte, cre que nunca deixou unha pregunta sen contestar, fora verbalmente ou por escrito, di que lle está dicindo que se lle contestará por escrito, no momento en que teñan tempo, e váiselle contestar a verdade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que desexaría que tiveran tempo nesta lexislatura, se é posible.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11397 o día 24 de xullo de 2010, xunto coas preguntas.

1º Sobre a remodelación urbana e rexeneración do Campo da Feira.

O grupo municipal de EU-IU ten presentado ao longo da lexislatura diversas iniciativas sobre o acondicionamento do Campo da Feira de Cambre. Con diñeiro procedente dos fondos FEDER, o goberno local elabora e posteriormente apróbase en pleno o proxecto Arume consistente en varias actuacións no concello, destinando 560.000 € para realizar as obras da rexeneración urbana do Campo da Feira.

No pleno do día 30 de abril do ano 2009, o noso grupo presenta unha moción para a elaboración dun concurso de ideas, aprobada por unanimidade dos grupos da corporación.

Segundo informacións do concelleiro responsable, o proxecto de execución está condicionado á eliminación do proceso do concurso de ideas por cuestións de prazos de tempo, proponendo recorrer a un procedemento negociado e solicitando a colaboración dos grupos da oposición para non perder a subvención.

Ante a falta de información e o apuro no tempo para a execución da obra.

O noso grupo prega se nos informe da situación do mencionado proxecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a previsión era que na primeira ou segunda semana deste mes estivera xa en licitación, pero tivo un pequeno atraso. Di que contan con que o luns ou o martes se publique xa o anuncio para a contratación, foi un pequeno atraso de dúas semanas por problemas técnicos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se vai ser un procedemento negociado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que si, pero con anuncio, non se vai invitar a empresas. Todas as empresas que se queiran presentar terán o prego no perfil do contratante na páxina web, e poderán presentarse.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, neste caso, quedou totalmente desvirtuada a moción que se aprobou no pleno para o concurso de ideas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que unha parte nada máis, que houbo outra parte na que houbo un proceso, que aínda que curto, houbo un proceso de participación cidadá e de recollida de suxestións por parte da poboación, e de entidades e dos grupos. De feito, pasadas polo filtro técnico, esas suxestións e achegas que se fixeron nese proceso de participación, están incluídas dentro do prego técnico para que se lle dea resposta no proxecto. Di que a única parte que non se puido facer, e iso foi o que el mesmo tratou con todos os grupos, foi a parte do concurso organizado, porque se irían a moitos meses de prazo e poderían ter perigado os recursos que teñen destinados e subvencionados neste programa.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que só quere salientar que a moción se presentou fai bastante tempo e que se volveu insistir en febreiro de 2010, pero que neste caso o seu grupo o que pretende é que non se perda a subvención e que se faga a obra, a pesar de que quede desvirtuada unha moción que se aprobou neste pleno para a elaboración dun concurso de ideas, onde moitísima xente presentou varias propostas. Pero o fundamental é que non queren que se perda a subvención.

2º Roza e limpeza de camiños municipais.

Resulta incomprendible que a remates do mes de xullo moitos camiños do concello estean invadidos pola maleza e fagan case imposible o tránsito na circulación con seguridade supoñendo un continuo risco para os usuarios, e orixinando verdadeiros problemas no tránsito viario co conseguinte risco de incendios, sendo este feito un incumprimento da Lei de incendios forestais, de 17 de abril de 2007, na que se obriga á limpeza dos viais.

Persoas afectadas por este problema, usuarios dos camiños de San Bartolomeu a Armental en Pravio e de Graduil en Cela, manifestaron ao noso grupo o abandono continuo e a súa indignación, sensibilidade compartida por moitos veciños/as do concello.

Por esta razón pregamos que con urxencia se tomen as medidas oportunas e dean as ordes convenientes para dar solución ao problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o contrato para a roza dos camiños, que son un total de 216 quilómetros, está xa dende o día 9 en vigor, están xa traballando e vai aproximadamente un 14 ou 15% dos camiños feitos. Hai varios lugares, incluso algún dos que se citan na pregunta, hoxe mesmo estaban traballando en Pravio, na parroquia de Sigrás, unha parte de Anceis, en Sta. M^a de Vigo, algún camiño que toca en Cambre que xa están rozados. As prioridades que se lles marcaron, porque efectivamente comezouse con algo máis de atraso sobre o que querían, foron os contornos das festas populares que ían ter unha gran afluencia de xente nos días de celebración, e que se centraran nas vías principais para ir logo polas vías secundarias.

Di que agardan que nun prazo breve estea xa todo o concello practicamente listo, pero que, en todo caso, están xa traballando os dous equipos dende o día 9 deste mes.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o que eles queren facer con este rogo é transmitir a preocupación dos veciños por esta situación, e alédase de que se estean xa realizando os traballos de roza.

3º Sobre as prazas de aparcamento no Temple.

Recentemente o concelleiro responsable da área, anunciaba nun pleno que debido ao elevado número de obras a executar dentro da famosa humanización do Graxal, habilitaríase unha parcela propiedade do concello como aparcadoiro temporal para cubrir a carencia de aparcamentos provocados polas ditas obras na zona.

Ante isto o noso grupo municipal prega se nos informe do motivo polo que o dito espazo non está habilitado para aparcadoiro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta é a parcela da que falamos antes, a parcela pública que se cede a partir da unidade de actuación número 11, que hai unha xunta de compensación, e que son tres empresas promotoras. Se non está lista é precisamente porque a obriga de entregala en condicións para poder ser usada, aínda que sexa de maneira provisional como aparcadoiro, mentres non se constrúen os equipamentos públicos, era precisamente das empresas promotoras.

Di que levan varios meses a voltas e que, efectivamente, aí hai problemas no remate da urbanización, algún xa se citou antes, pero sen necesidade de chegar á execución de avais ten xa o compromiso dunha das empresas, das que xa teñen rematada a súa parte, de que o luns ou o martes van facer o acabado en zahorra para poder utilizar aquilo como aparcadoiro. Este é tamén o motivo, xa llo comentou o outro día, de que non lle deran aínda publicidade a aquela zona como aparcadoiro provisional, posto que non está aínda preparada, e iso tamén lles atrasou a divulgación da información sobre as obras na zona.

Conclúe dicindo que ese foi o compromiso que adquiriron, que o luns ou o martes comezarían co traballo de preparación da parcela para poder utilizala e que ademais iso será moi rápido. A partir de aí, sinalarán o lugar e darán información ao resto da zona.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que entón o compromiso é que xa inmediatamente.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que non sabe se o Sr. alcalde estivo nas xuntas de coordinación, porque dixo que el ignoraba os problemas das empresas, desa parcela e, pola contra, o primeiro tenente de alcalde si o sabe.

O Sr. alcalde di que el sabe o que sabe, e que o que está claro é que o concelleiro do PP leu a carta onde se di que o concello cedeu a parcela e cumpriu con todos os requisitos. Pídelle que non se invente cousas que descoñece, porque un dos problemas de urbanizar é que a mesma empresa que veu da Xunta foi a que dixo que non fixeran as beirarrúas porque, ao mellor, ao desmontar despois o terreo poderían romper. Iso foi o que se lles dixo, ademais di que aí hai un aval que lles garantiza iso.

O Sr. Cubeiro reitera que as xuntas de coordinación son moi importantes.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que tamén son importantes as comisións informativas, porque algo sobre este tema falouse o outro día, pero o que pasa é que non estaban todos os concelleiros presentes.

O Sr. Cubeiro di que aínda que non estea nalgunhas comisións, si le as actas e, en calquera caso, están falando dunhas empresas que construíron e non cumpriron co proxecto de urbanización, e o concello non o esixiu en tempo e prazo, ese é o problema de fondo non o outro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que iso é o que di o Sr. Cubeiro e que se queda tan tranquilo.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11418 o día 26 de xullo de 2010.

1º Rogo se me informe dos traballos realizados pola empresa responsable da limpeza viaria dende xaneiro do 2010 a xuño do mesmo ano.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que, máis concretamente, gustaría lle que se informase sobre a limpeza de graffitis.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é unha mágoa que non o puxera na pregunta, que non concretase o da limpeza de graffitis, porque tería sido máis concreto e poderíanlle ter buscado esa información, porque el, ante a pregunta que lles fixo, de 6 meses de traballo da empresa concesionaria do servizo de limpeza viaria, o que lle ía dicir é algo que el cre que xa sabe a Sra. concelleira, que esa empresa presenta uns partes semanais e mensuais sobre o traballo que realiza, tanto sobre o traballo ordinario que teñen marcado polo contrato, polo prego, como dos servizos especiais que se lles encarga en ocasións. E non só iso, senón que tamén inclúen as previsións de traballo para o seguinte período. Están falando de 24 ou 25 informes semanais, de todo o período que lle dixo, máis 6 informes mensuais, que ademais son os que se utilizan polos técnicos para conformar as facturas polas que se paga o traballo.

Dille que todo iso está á súa disposición no departamento, e que se lle chega a poñer na pregunta exactamente o dos graffitis, iso tería sido máis sinxelo, porque el o que ía contestar é que están á súa disposición, que en calquera momento pode pasar a velos. Ademais é un tema que a Sra. concelleira coñece perfectamente, e é imposible, e non ten ningunha lóxica vir a un pleno a entregar fotocopias de informes de 6 meses cando están á súa disposición, e se quere algún, tamén pode solicitalo por escrito e se lle pasa copia sen problema de ningún tipo.

Conclúe dicindo que, en todo caso, na próxima ocasión que formule unha pregunta sobre os graffitis, se quere formulala en pleno ou en comisións, poderá contestarlle, e se non pode facelo por escrito que se lle pasará.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que hai tres meses preguntoulle ao Sr. Iglesias cando ían limpar os graffitis nos edificios municipais, e el contestoulle que a empresa enviaba partes semanais e mensuais, que lle ía informar de cales eran os graffitis limpados pola empresa, e aínda está esperando, por iso, como aquela vez foi tan concreta, a ver se hoxe, que foi máis extensa, recibe contestación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que lle insiste no mesmo, que é unha pena que non fora máis concreta porque llo puido ter contestado, pero que non lembra que é o que lle dixo, que tería que revisar esa acta, pero que lle puido ter concretado máis.

2º Rogo se me informe sobre o estado do expediente de contratación do novo estudo do PXOM.

O Sr. alcalde contesta que tiña a intención de baixarlle a acta que ten o xefe da área de Urbanismo, pero que a olvidou. En todo caso, di que o día 12 houbo unha reunión da mesa de contratación sobre as prescricións técnicas das empresas. Presentáronse oito empresas e neste momento están para informar polos servizos técnicos municipais. A acta da mesa está feita e a concelleira pode recollela se o desexa.

3º Rogo se me informe do estado das sancións polo tema dos vertidos á ría do Burgo ao Concello de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el ten constancia de dous expedientes sancionadores por vertidos á ría, un é o DH15.2606, que é do 23 de xullo de 2009, unha sanción de 6.000 euros que se recorreu en alzada por parte do concello e foi rexeitada pola consellería, e que nestes momentos está remitida á Asesoría xurídica da Deputación Provincial para interpoñer recurso contencioso-administrativo. E o segundo que é o DHD15.25179, de 11 de maio de 2009, no que hai unha proposta de sanción de 20.000 euros, que se recorreu tamén en alzada e foi rexeitada pola consellería, e está tamén en mans da Asesoría xurídica da Deputación Provincial para ser recorrido en vía contencioso-administrativa.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se o concello mantén reunións cos mariscadores.

O Sr. alcalde contesta que cando llelas piden si.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo engade que se as piden non hai problema ningún, e que hai reunións informais, de cando en vez, cando se ven pola zona da ría. Di que sabe que o outro día na prensa, cre que foi o patrón maior, anunciaba que quería ter unha entrevista con todos os concellos e que a ían solicitar. El non sabe se entrou esa solicitude, pero non hai ningún problema por reunirse con eles.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11421 o día 26 de xullo de 2010.

1ª Cal foi o procedemento de contratación para a redacción do proxecto da Casa da Cultura?

O Sr. alcalde contesta que este é un tema que xa vén de vello, que no seu día, vista a urxencia que tiñan para poder presentar á Deputación a solicitude dunha subvención para esta obra, encargóuselle ao mesmo equipo que está facendo a unidade de actuación, ao arquitecto, que lles fixera un estudo de situación e de replanteo dunha futura Casa da Cultura, fíxose e, despois, posteriormente, fíxoselle o contrato. Di que, ao mellor a forma non foi a idónea, pero que grazas a esa rapidez e urxencia o Concello de Cambre puido incluílo dentro do proxecto Arume e ten agora unha subvención de 800.000 euros da Deputación. Loxicamente imaxina que cando veña a aprobación da factura terá reparos de Intervención, pero a única razón foi facelo con carácter urxente e co mesmo equipo que está redactando a unidade de actuación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que no único que está de acordo co Sr. alcalde é en que isto vén de vello, porque esta historia da Casa da Cultura xa vén de hai 20 anos, pero que a súa pregunta é cal foi o procedemento de contratación para a redacción do proxecto, e a resposta do Sr. alcalde foi que se encargou. Pregunta que significa iso, pregunta que sistema de contratación é ese.

O Sr. alcalde contesta que foi el mesmo quen persoalmente lles dixo que fixeran ese estudo, e aí está. Di que asume a responsabilidade que poida haber, pero que todo iso foi ante unha subvención de máis de 1 millón de euros, e que os honorarios dos arquitectos son todos iguais.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que supón que haberá algunha diferenza entre un arquitecto e outro, pero que, en calquera caso, quizais é máis fácil explicar que se contraten os proxectos así desá maneira, a explicar que se perdeu unha subvención que o Sr. alcalde prometeu durante moitísimos anos seguidos.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o obxectivo da pregunta era saber cal fora o procedemento de contratación, e foi que se encargou.

2ª Decenas de veciños da parroquia de Altamira, manifestáronlles o seu malestar debido a que o camiño que vai de Altamira a O Castelo (detrás de El Corte Inglés) continúa sen ser asfaltado, aínda que a dita obra teña sido incluída en varios orzamentos do concello. Cal é o motivo de que estes veciños, que pagan os seus impostos como calquera outro, non teñan a día de hoxe o dito camiño asfaltado?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el ten unha dúbida grande, porque non sabe de que camiño lle falan.

Os concelleiros do Partido Popular contestan que o camiño de Altamira a O Castelo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el supón que ten que ser o camiño que ten o número 157 no inventario municipal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que sabe perfectamente de que camiño falan.

O Sr. Iglesias Oviedo sinala que el o di porque o PP fai esta pregunta por rexistro de entrada o día 26 de xullo, instados por decenas de veciños de alí, e ese camiño, o de Altamira a O Castelo, o 157 do viario municipal, está asfaltado dende o día 22, pero non de xullo, senón do mes de xuño.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que iso é un motivo de satisfacción, sen dúbida ningunha.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que por iso preguntaba de que camiño lle falaban, porque estaba preocupado a ver se perdera algún camiño.

O Sr. alcalde di que está arranxado que é o que todos querían.

3ª Concelleiros do grupo municipal popular recibiron as queixas de numerosos veciños debido ao estado lamentable en que se atopa o lavadoiro de Sobrecarreira, a maleza o invade completamente, na mesma situación se atopan os terreos que colindan coa igrexa, onde a maleza xa ten acadado un metro de altura. Este lugar é unha zona de paso do denominado “Camiño Inglés”. Cando ten pensado o goberno local aplicar a orde de limpeza de terreos?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que comparten o fondo da cuestión, iso é evidente, e precisamente por iso ese lavadoiro está incluído dentro dun proxecto de obra que se chama “Posta en valor do Camiño Inglés ao seu paso por Cambre” que promove o Concello de Cambre pero que se vai executar polo Consorcio de Turismo e está agora mesmo en contratación, incluso é probable que xa saíra e que no perfil do contratante da páxina web do Consorcio das Mariñas se poida ver o prego. É un plan que inclúe varias actuacións ao longo do camiño nas parroquias de Sigrás e Anceis, e unha das que inclúe é precisamente a recuperación do lavadoiro e do lugar da fonte de Sobrecarreira.

Di que, por outra banda, está xa dende a semana pasada rozado o camiño nese tramo, e hai outra cuestión, que efectivamente non é só de alí senón que pasa en moitos sitios do concello, que é o coidado dos terreos particulares e o exceso de maleza que teñen. Non lle pode dicir o número de expedientes que hai, pero están os técnicos de disciplina urbanística co tema e hai un montón de expedientes de disciplina urbanística, de ordes de execución abertas por todas as parroquias do concello, precisamente polos problemas de mal coidado dos terreos particulares.

Conclúe dicindo que, en todo caso, ese tramo do camiño está xa rozado dende a pasada semana.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11397 o día 24 de xullo de 2010, xunto cos rogos.

1ª Veciños/as de Cambre e Pravio seguen demandando maior seguridade na estrada AC-214, sobre todo nas inmediacións do cruceiro en Pravio e nos lugares de Freande e Drozo en Cambre, a situación de perigo é permanente ante a carencia de pasos de peóns que fai case imposible que as persoas poidan cruzar a estrada, por carecer das medidas de seguridade imprescindibles que garantan a integridade física dos viandantes.

Ante estas deficiencias dando o noso grupo municipal cremos que non se deben escatimar esforzos cando se trata dun tema de tanta transcendencia como é a seguridade das persoas.

Por todo isto, presentamos a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado o concello ante a administración autonómica para dar solución ao grave problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que deste tema teñen falado en innumerables ocasións, e cre que incluso no último pleno saiu o asunto. El xa comentou que as xestións que fixeron ante a administración autonómica foron concertar hai uns meses unha visita dos técnicos responsables da Xunta que van dar a autorización ás intervencións que van facer, despois encargouse unha memoria técnica, un proxecto que no último mes dixo que estaban agardando a recibilo e que agora xa o teñen. Di que xa contan cunha memoria técnica coas intervencións que se van facer.

O fundamental desa memoria inclúe a senda peonil entre A Castellana e Pravio, o cruzamento onde está Lambda que vai xa para Cela, pero a maiores tamén incluíron tres pasos de peóns, fóra xa dese tramo, que son fronte á carpintería, en San Bartolomeu, e outro pegado á ponte da autoestrada xa chegando a Catro Camiños, para incluílos dentro da solicitude que agora lle teñen que enviar á Xunta, como titular da estrada, para que lles dea as autorizacións sectoriais correspondentes. Di que ese é o punto no que están agora.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que segundo o que están informando parece ser que non se contempla ningún paso de peóns no Drozo en Cambre, nas inmediacións de Freande.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa o teñen comentado en máis dunha ocasión, a estrada é autonómica, e para autorizar pasos de peóns a Xunta ten uns requirimentos de tipo técnico, e unha das cousas fundamentais é que teñen que ter beirarrúa nos dous lados da estrada. Neste momento o único lugar que cumpriría, á parte do inicio da estrada aquí en Cambre, sería en Freande á altura do número 17 ou 19, onde está o edificio que dá para Bellavista. Di que é unha cuestión que se pode facer, pero que teñen que ter en conta, como xa teñen comentado, que iso eliminaría unhas cantas prazas de aparcamento, e esa tamén é unha cuestión difícil.

Di que ese é o único sitio onde cunhas limitacións de velocidade, e cunha sinalización do paso adecuada, a Xunta autorizaría a facer un paso de peóns, porque é o único sitio onde agora mesmo cumpriría o de ter beirarrúa dun lado e do outro. Efectivamente é unha decisión complicada de tomar, hai un tema de seguridade viaria, pero tamén hai un tema de falta de aparcamento en toda aquela zona que todos coñecen. Di que poden

adoptar unha solución consensuada, poden tratalo en xunta de voceiros e mirar un pouco a opinión de todo o mundo, ou mesmo consultar aos propios veciños de alí, porque ese é o problema técnico co que se atopan.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el cos veciños xa falou en diversas ocasións e sempre lle manifestan o perigo que ten, porque baixan de Bellavista e non teñen un sitio para cruzar. Xa se comentou outras veces e el cre que é unha cuestión de valorar se é máis importante manter unhas prazas de aparcamento, que poden ser dous ou tres, ou que a xente siga correndo perigo para cruzar a estrada. Di que o Sr. Iglesias sabe perfectamente, porque houbo que facelo, que noutros sitios, no centro de Cambre, houbo que suprimir unhas prazas de aparcamento para que o paso de peóns tivera maior visibilidade e que non ocorreran accidentes.

En canto ao tema das beirarrúas, sinala que tamén xa dixo noutra ocasión que hai un paso de peóns na mesma estrada, nas inmediacións de Amil, que dun lado ten beirarrúa e do outro non. Na actuación que se está facendo agora na Volta das Carrozas imaxina que se fará un paso de peóns, e dunha banda ten beirarrúa pero da outra non.

Don Henrique Xabier Iglesias di que si a vai ter, máis ou menos.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, entón, no outro sitio tamén a podería ter máis ou menos. El o que di é que ten que predominar, e teñen que facer un esforzo, para dotar de seguridade aos veciños, e nas zonas concretas de Freande e do Drozo hai moitas persoas con discapacidade que non poden cruzar a estrada, hai moitas persoas maiores que se ven bastante limitadas para cruzar, polo menos, esas son as queixas que o seu grupo recibe sobre este tema. Por iso, rógalle ao Sr. Iglesias que se faga o esforzo, que se poden reunir en xunta de voceiros ou onde diga, para consensuar que se fagan eses pasos de peóns en Freande.

2ª Sinalización das instalacións deportivas municipais.

A ausencia na sinalización do emprazamento de instalacións deportivas municipais vén sendo unha queixa constante de veciños/as e persoas que proceden doutros lugares, sendo solicitado en diversas ocasións a través de diferentes iniciativas sen que a día de hoxe se fixera nada para reparar o problema.

O grupo de EU-IU pregunta cando pensa o goberno local sinalizar as infraestruturas deportivas do concello?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que a maior parte delas saben que están, pero que iso depende tamén un pouco dos técnicos en Urbanismo que digan a situación ideal para colocalas, iso é o que lles falta, que a Policía e demais dixera en que sitios poden faltar, porque el cre que os principais están. Pregunta a que casos se refiren en concreto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que esta é unha pregunta que xa fixo hai máis dun ano, con insistencia outra vez máis, de que se sinalizaran os diversos polideportivos que hai no concello, e os campos de fútbol. Di que só vai poñer un exemplo, porque outros xa os puxo moitas veces, o campo de fútbol de Lendoiro está sen sinalizar, o campo de fútbol de Cambre está sen sinalizar, o campo dos Once Caballeros que é municipal está sen sinalizar, o polideportivo de Pravio, está nun sitio que non é difícil atopar, pero que cando os rapaces van xogar alí algunhas veces ao baloncesto, quedan cos amigos e teñen que usar o móbil porque non saben onde está.

Pensa que é necesario, incluso por estética, porque calquera persoa chega a Cambre e que non haxa un indicador para sinalizar onde queda o campo de fútbol parécelle sangrante. A estas alturas el pensa que eses polideportivos deberían estar sinalizados.

3ª A seguinte pregunta ten que ver con outra iniciativa realizada polo noso grupo no pleno do mes de novembro pasado, recordando a obriga para todos os membros da corporación de realizar e manter actualizadas as declaracións de bens e patrimonio. Obriga que nos consta, todos coñecemos.

Ante a necesidade de modificación do ROM para levar a cabo a publicación mencionada, o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Para cando ten previsto o goberno realizar os trámites para modificar o ROM e facer pública a declaración dos bens patrimoniais dos membros da corporación local, e dar cumprimento ao solicitado?

O Sr. alcalde contesta que, segundo conversación coa Sra. secretaria, en principio intentarán que estea en outubro.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a verdade é que case lle dá a risa, porque sempre lle pasa a pelota á secretaria.

O Sr. alcalde di que el non é quen o vai facer.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a secretaria é unha persoa eficiente neste concello, pero que el pensa que hai outras persoas que poderían adaptar ese regulamento á normativa vixente, sen prexuízo de que ela despois emitira un informe ao respecto. Cre que neste concello hai persoas coa suficiente capacidade para facer isto, á marxe de que despois a secretaria faga o informe.

Di que está seguro de que van chegar aquí no mes de outubro e van estar nas mesmas. Pide axilidade porque senón vai rematar esta lexislatura e isto non se vai dar feito.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito.

Antes de dar lectura ás preguntas presentadas, dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, di que lle gustaría solicitar que, cando se lle entregue ao PP, tamén se lle facilite a ela unha copia do informe sobre as empresas que prestan servizo no concello.

Rexistradas de entrada ao núm. 11419 o día 26 de xullo de 2010.

1^a No pleno ordinario de xullo do 2008, a corporación acordou por unanimidade a necesidade de contratar unha asistencia técnica externa para a realización dunha auditoría enerxética de todos os consumos municipais. En que estado se atopa a tramitación desta contratación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, isto foi en xullo de 2008, el incorporouse á concellería en agosto de 2009. O 11 de decembro presentouse un proxecto de auditoría enerxética a unha subvención do INEGA que foi denegada. Posteriormente, o 14 de abril iniciaron un procedemento interno para a contratación da facturación dos consumos eléctricos que lles corría présa pola aplicación da nova lexislación e todos eses temas, pero houbo unha serie de informes, por parte da Secretaría e Intervención municipais, de que non estaban de acordo coa contratación externa, e teñen que retomar o tema para mirar a maneira de proceder.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se se pode saber o motivo de por que dende Secretaría e os técnicos non se ve viable a contratación dunha auditoría externa.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que non hai ningún problema en facilitar o informe que fixeron.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se, entón, lle informarán por escrito.

Don Henrique Xabier Iglesias reitera que se quere ese informe non hai ningún problema en facilitarllo, por suposto.

2^a Cal é o estado actual de todos os proxectos incluídos no Plan Arume.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, se a Sra. concelleira lle permite, este si que vai ir por escrito, porque a técnica que está coordinando toda a tramitación destes proxectos está de vacacións agora mesmo, incorpórase o luns, e a partir da súa incorporación, en canto lle dea o listado de como está a situación de cada un dos proxectos, pasaralles unha copia.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, lémbrolle que hai 3 ou 4 meses fixo esta mesma pregunta e contestoulle o mesmo, pregunta se tamén estaba de vacacións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non recorda iso, pero que é estraño porque os informes que se reciben están a disposición da Sra. concelleira.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que de todas as veces que lle contestou así, non recibiu nada, de todas as preguntas que lle dixo que lle ía informar por escrito, non recibiu nada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o deixa preocupado, e que repasará as actas para ver eses compromisos, e mirará o motivo polo cal non se lle entregou a documentación, se é que foi así, pero que neste caso supón que é fácil de entender, porque isto non é unha pregunta, o que está pedindo aquí é un montón de traballo técnico de recopilación de información, de contratación, da empresa que está levando a coordinación deste programa, etc., e como comprenderá non se fai en cinco minutos, ten que facelo a persoa que está coordinando o proxecto e, agora mesmo, está de vacacións. Incorpórase o luns e encomendaralle que faga un resumo, non só para a concelleira, senón tamén para el mesmo e para os membros do goberno que necesitan telo ao día.

3^a Cal é o estado actual da obra da Escola municipal de Música.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que, lamentablemente, seguen tendo problemas de humidades e seguen intentando solucionalo. Di que está todo absolutamente preparado para facer unha inauguración pero segue habendo algún tipo de humidade, polo cal non se vai inaugurar mentres non estea solucionado.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, di que a empresa tiña un prazo para finalizar a obra. Lembra isto do mes de febreiro, e de marzo e abril, porque case que vén preguntando o mesmo en todos os plenos. Pregunta se durante este mes empezaron de novo os problemas de humidade, outra vez.

Dona Erundina Prado Arcay di que si, e que se pasa por alí pode observar que volve estar o campo levantado outra vez.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta polo prazo para amañalo.

Dona Erundina Prado Arcay responde que lle consta que están traballando a marchas forzadas, e agarda que sexa a definitiva, que non haxa que volver a levantar.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que moito movemento non se ve, que hoxe viu o que lle parecía movemento pero que era algún veciño por alí. Conclúe dicindo que movemento, ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia